

BLOQUE 3: A POSTA EN MARCHA. A EXECUCIÓN DO PROXECTO

- A forma xurídica da empresa.
- Trámites de constitución dunha empresa.
- O mundo laboral.
- Memoria do proxecto.
- O control da execución e a valoración final.



CAL É O ENFOQUE DA MATERIA?

Presenta un marcado carácter práctico, concibe a aula como un taller de traballo onde se integran as tecnoloxías da información para axudar ao alumnado a avanzar na sociedade do coñecemento.

Busca un obxectivo global de desenvolver unhas habilidades que axuden ao alumnado a levar a cabo calquera proxecto vital así como achegar a realidade do mundo laboral, empresarial e do asociacionismo en xeral.

Parte do principio de "aprender facendo", experimentando e familiarizando ao alumnado cos aspectos máis prácticos da realidade coa que entrará en contacto directo nun futuro próximo.



MATERIA OPTATIVA para 3º e 4º da ESO:

OBRADOIRO DE INICIATIVAS EMPRENDEDORAS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

QUE É O TALLER DE INICIATIVAS EMPRENDEDORAS?

Trátase dunha nova optativa para os alumnos/as de 3º ESO (nun futuro tamén para os de 4º ESO) que terán a oportunidade de coñecer e desenvolver a cultura emprendedora dun xeito práctico.



OBXECTIVOS:

- ☑ Coñecer a empresa e os emprendedores como xeradores de riqueza e motores económicos.
- ☑ Valorar a importancia de asociarse e colaborar para progresar.
- ☑ Identificar e practicar o espírito emprendedor.
- ☑ Coñecer estratexias de xeración e maduración de ideas emprendedoras.
- ☑ Realizar un proxecto emprendedor respectuoso co medio ambiente.
- ☑ Integrar as tecnoloxías da información e a lingua estranxeira no proceso de aprendizaxe.
- ☑ Obter, seleccionar e interpretar información.

A materia foi ideada para axudar a desenvolver as seguintes capacidades emprendedoras:

- Creatividade.
- Iniciativa.
- Comunicación.
- Autoestima.
- Observación e exploración do contorno.
- Toma de decisións.
- Compromiso e determinación.
- Negociación.
- Asunción de riscos.



COMO SE DESENVOLVE O PROXECTO?

Os contidos da materia distribúense en tres bloques temáticos.

BLOQUE 1: O EMPRENDEDOR E A XERACIÓN DE IDEAS EMPRENDEDORAS



- ☑ A importancia económica e social dos emprendedores.
- ☑ As habilidades dun emprendedor: calidades persoais, habilidades sociais, habilidades de dirección.
- ☑ Fontes de ideas. Como atopar ideas emprendedoras?
- ☑ Xeración de ideas para un proxecto emprendedor.

BLOQUE 2: PLANIFICAR PARA EMPRENDER

- ☑ A importancia de planificar.
- ☑ Como elaborar un proxecto emprendedor.

